

SERVIZO DE ASESORÍA

WhatsApp



Ferramenta para proporcionar atención inmediata e personalizada para a prevención da violencia de xénero.



Contacta connosco no
608 710 978

Mandándonos un Whatsapp ao teléfono de SUPRime o ConTRoL. Daremos resposta as túas consultas e dúbidas, garantíndoche o anonimato e a privacidade dos teus datos de contacto.

SUPRime o ConTRoL

Programa socioeducativo de prevención da violencia de xénero
2018/2019

www.suprimeocontrol.com



info@suprimeocontrol.com

Date de conta Datos e Contas

Que deberías saber sobre a violencia de xénero en adolescentes?

Servizos especializados en atención de emerxencia e protección ante unha situacións de violencia de xénero

016

TELÉFONO
CONTRA EL MALTRATO

Teléfono
M
da muller 24h
900 400 273

0 - 9 - 2
POLICÍA LOCAL

112
EMERXENCIAS
GALICIA

062
GUARDIA CIVIL



Date de Conta

• QUE É? •

Un instrumento de control, dominio e sometemento, exercido polos homes sobre as mulleres.

• DE ONDE XORDE? •

Baséase no pensamento errado de que o home é superior á muller, e por elo pode dominala.

• CAL É O FIN? •

Manter o poder masculino dentro da relación, para restar liberdade e independencia á muller.

• CANDO COMEZA? •

Na adolescencia, cando se inician as primeiras relacións afectivas.

• COMO SE MANIFESTA? •

Ao comezo da relación os comportamentos violentos son sutís e encubertos, combinándose con mostras de afecto.

• QUE XERA? •

Unha forte dependencia emocional. É neste punto cando se debe Suprimir o Control. Algunhas reaccións comúns nas rapazas cando viven esta situación son:

- Negar que se está a sufrir violencia de xénero.
- Negar que se necesita axuda.
- Negarse a actuar para mudar a situación.

• QUE PODES FACER TI COMO NAI OU PAI? •

- Non teñas medo de escoitar a realidade da situación.
- Pregunta por como se sente.
- Comunícate dende a confianza.
- Non a xulgues.
- Evita caer na rabia, na angustia desmedida ou na vergoña.
- Non a culpabilices a ela da situación que está vivindo, ni tampouco te autculpabilices.
- Non fales coa parella da túa filla ou coa súa familia, isto podería complicar a situación.
- Ti non o sabes todo, busca a axuda de persoas expertas.

Datos e Contas

OS MODELOS DE ATRACCIÓN PERPETÚAN ROLES E ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

- 4 de cada 10 rapazas valora que a súa parella ideal **“a protexa e lle dea seguridade”**.
- 2 de cada 3 rapazas o que máis valora nunha parella é **“que lle deixe manter a súa independencia”**.
- 3 de cada 10 rapaces considera relevante que a súa parella ideal **“se adapte aos seus gustos e afeccións”**.

OS MITOS DO AMOR ROMÁNTICO CONTAMINAN AS RELACIÓNS ADOLESCENTES

- O 52% das rapazas e o 58% dos rapaces pensan que **“o normal dentro dunha relación é ter discusións”**.
- 3 de cada 10 rapaces opina que **“os celos son unha demostración de amor”**.
- O 55% dos rapaces e o 49% das rapazas pensa que **“todo o mundo está destinado a encontrar á súa media laranxa”**.

AS ACTITUDES SUTÍS DE CONTROL ESTÁN AÍND A MOI PRESENTES

- O 62% dos rapaces e o 44% das rapazas mostra o seu acordo con que nunha relación de parella **“hai que compartilo todo e non ter segredos”**.
- 2 de cada 10 rapazas e rapaces ven como normal **“enfadarse coa parella se non lle contesta ao whatsapp”**.

A VIOLENCIA SEXUAL AFECTA TAMÉN ÁS MULLERES ADOLESCENTES

- O 57% das rapazas asegura que algunha vez na súa vida **recibiu piropos inapropiados** pola rúa.
- Ao 42% das rapazas alguén **lles fixo sentir medo ao volver pola noite á casa**.
- O 51% das rapazas sentíronse **intimidadas** algunha vez na súa vida por algún home.